



# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

**Expediente núm.:** 734/2026

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Expediente relacionado:** 267/2026

**Asunto:** Subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026

**Obra/servizo subvencionado:** Tarefas de silvicultura e limpeza de montes (Peón forestal)

## ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR: EXPEDIENTE DE SELECCIÓN SUBVENCIÓN RURAL ACTIVO 2026 (PEÓN FORESTAL)

Nas instalacións do Centro de actividades para maiores Os Gozos (Centro de Día) (Caseiro Gozos, 9, 32792 Os Gozos, Ourense), sendo as 09:00 horas do día 27 de abril de 2025, procédese á constitución do Tribunal que xulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión **de catro (4) postos de traballo na categoría profesional de peón forestal (persoal laboral temporal)**, do proceso de selección de persoas desempregadas para a obra/ servizo "Tarefas de silvicultura e limpeza de montes" (peóns forestais), ao abeiro do disposto no artigo 14 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 24, do xoves 05 de febreiro de 2026).

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal e realización das probas de coñecemento da fase de oposición publicouse na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] con data do 22 de abril de 2026.

Estando presentes os membros do Tribunal designado na Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0393 de data 22 de abril de 2026, como órgano competente do proceso selectivo enriba referido para a constitución do mesmo, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

Membros	Identidade
Presidente/a	Alejandro Martínez Sánchez
Secretario/a	Sara González Prieto
Vogal	José Antonio Rodríguez Barros
Vogal	José Antonio González Gallego
Vogal	Bruno Ribo Devesa

Decídese por unanimidade tratar o seguinte asunto: iniciar o proceso de selección necesario para a contratación de persoas desempregadas para a obra/servizo "Tarefas de silvicultura e limpeza de montes" (peóns forestais).

Unha vez analizados e debatidos os documentos de xeito oportuno, tomáronse por unanimidade os seguintes ACORDOS:

**Primeiro.-** Iniciar a selección de persoal coa comprobación dos requisitos e adecuación aos postos de traballo ofertados, aplicando os criterios previstos na Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural,

programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 24, do xoves 05 de febreiro de 2026), no relativo aos perfís das persoas aspirantes.

**Segundo.-** Proceder a realizar unha proba de coñecementos de carácter obrigatorio e eliminatorio ás persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego de xestión da oferta de emprego núm. 12 – 2026 – 2936 (Ourense – A Ponte), para determinar a adecuación ao posto de traballo na ocupación “peón forestal”. No caso necesario, o Tribunal Cualificador poderá recorrer a técnicos do Concello ou solicitar informes co obxecto de determinar as persoas máis axeitadas para o referido posto de traballo.

**Terceiro.-** A proba de coñecementos da fase de oposición consistirá en:

- Contestar por escrito a 10 preguntas tipo test, máis 3 preguntas de reserva, con respostas alternativas, sendo só unha delas correcta, que preparou o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, en relación ao contido do temario que acompaña a esta convocatoria.
- O tempo máximo para a realización deste exercicio establécese en (1/2) media hora.
- Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 10 puntos, necesitando un mínimo de 5 puntos para aprobar.
- As respostas non contestadas non terán valoración.
- As respostas erróneas non penalizan.

#### TEMARIO

Tema 1. Materiais, útiles e ferramentas utilizadas polos peóns forestais. Maquinaria e ferramenta.

Tema 2. Repoboacións forestais. Silvicultura. Prevención de incendios forestais.

Tema 3. Prevención de riscos laborais relacionados co posto de traballo. Primeiros auxilios.

**Cuarto.-** Realizar unha proba de galego de carácter obrigatorio e eliminatorio ás persoas aspirantes que non posúan o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega que se esixe nas bases específicas (Celga 2) que consistirá na tradución directa dun texto do castelán ao galego sen axuda de dicionario, elixido polo tribunal e acorde ás características funcionais do posto de traballo convocado.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.

A cualificación será como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento da lingua galega non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa aspirante será excluída do proceso selectivo.

Non se producen intervencións e non tendo outro asunto para tratar dáse por concluído o acto, e para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 09:25 horas do día 27 de abril de 2026, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador.

O presidente



A secretaria



Os vogais

